



# **CURSOS E OBRADOIROS DE FORMACIÓN TEATRAL E FORMACIÓN EN DANZA.**

**2º cuadrimestre 2009/2010.**



### **Interpretación teatral.**

Do 18 de febreiro ó 29 de abril / 30 horas / Xoves de 16.30 a 19.30 horas /  
Salón de Actos do Centro Cultural de Riazor, campus de Riazor, A Coruña / 40  
euros comunidade universitaria, 50 euros xeral/ 1 crédito de libre elección/

Profesor: **Carlos Losada**, autor e director teatral, director artístico de Teatro Cachuzo, premios Manuel María'07 e Abrente'08 por dous textos seus, foi director de varias compañías universitarias e afeccionadas ata o ano 2000. Participou como axudante de dirección en montaxes de Teatro do Aquí e Centro Dramático Galego.

Curso práctico e aberto dirixido especialmente a persoas que se inician na interpretación teatral ou teñen pouca experiencia. Traballo de corpo, voz, dinámicas de grupo, construción de personaxe e abordaxe de textos.



### **Iniciación á danza contemporánea.**

Do 1 de marzo ó 28 de abril / 30 horas / Luns e mércores de 20.00 a 22.00 horas / Salón de Actos do Centro Cultural de Riazor, campus de Riazor, A Coruña / 40 euros comunidade universitaria, 50 euros xeral / 1 crédito de libre elección /

Profesor: Caterina Varela, bailarina profesional e coreógrafa da Compañía La Macana e Entremans.

O teu corpo en movemento.



### **Obradoiro de Escrita. Creación dun texto dramático.**

Do 23 de febreiro ó 24 de marzo / 30 horas / Luns e martes de 16.30 a 19.30 horas / Aula 2.5 do Centro Cultural de Riazor, campus de Riazor, A Coruña / 40 euros comunidade universitaria, 50 euros xeral / 1 crédito de libre elección.

Profesor: **Santiago Cortegoso**: autor, actor e director teatral, premio Magalia pola súa peza “Hámster”, estreada na Sala Triángulo de Madrid, recibiu no 2009 o Premio Rafael Dieste por “0,7% Molotov”.

Curso práctico arredor do proceso de creación dun texto dramático encamiñado á escrita dunha peza. Estudiaranse as características específicas da linguaxe dramática: xéneros, espacialidade, temporalidade e linguaxe dramáticas, construción de personaxes e lectura de textos clásicos e contemporáneos.



### **Teatro xestual, Commedia dell'Arte.**

Do 22 de febreiro ó 24 de maio / 30 horas / Luns de 16.30 a 19.30 horas / Aula de Danza do Centro Cultural de Riazor, campus de Riazor, A Coruña / 40 euros comunidade universitaria, 50 euros xeral / 1 crédito de libre elección.

Profesora: **María Torres**: actriz e co-directora de Elefante Elegante Teatro. Despois de estudar teatro xestual en Sevilla, Italia e Polonia foi becada para formarse na Ecole Lassaad de Bruxelas, que segue a pedagogía de Jacques Lecoq de estudo do movemento. Ten participado en espectáculos do Teatro da Bufarda, Compañía do Trinke Trinke, Catrabucha Teatro e Espello Cóncavo.

Curso práctico de teatro xestual e movemento. Adestraremos o corpo como instrumento principal de expresividade do actor físico. Desenvolveremos a espontaneidade corporal, a percepción e a plasticidade do corpo no espazo. Abordaremos os aspectos determinantes do que damos en chamar Commedia dell'Arte: a improvisación, o traballo de máscara, o canovaccio e os arquetipos sociais.



### **Taller de Teatro Universidade Senior**

A partir do 22 de febreiro / Luns de 18.00 a 20.00 horas / Aula 11 do Centro Universitario de Riazor, campus de Riazor, A Coruña / 10 euros, exclusivamente dirixido a membros da Universidade Senior.

Impartido por **Laura Mariño Sánchez**, licenciada en filoloxía. Formación teatral en Casahamlet e no Curso de Especialización en Medios Teatrais e Audiovisuais da UDC. Formou parte de varios grupos de teatro aficionado como actriz e co-produtora. Dende o ano 2006, é axudante de dirección nas montaxes da Aula de Teatro e Danza da UDC.

Preparación de lecturas dramatizadas para representar ante o público. Introducción a conceptos teatrais, traballo coa linguaxe e coa memoria.

**Dirixido exclusivamente a membros da Universidade Senior.**

## CAMPUS DE FERROL

### Interpretación teatral.

Do 23 de febreiro ó 16 de marzo / 30 horas / Martes, mércores e xoves de 16.30 a 19.30 horas / Escola Universitaria de Relacións Laborais, aula 4, campus de Ferrol / 40 euros comunidade universitaria, 50 euros xeral / 1 crédito de libre elección.

Profesor: **José Luis Prieto**. Autor, director e actor teatral dende o ano 1990, na actualidade é responsable artístico da compañía 40 pasos. Recibiu en varias ocasións os premios Max e María Casares.

Curso práctico dirixido a xentes con ou sen experiencia no teatro. Abordaranse diversos aspectos da montaxe teatral pero sempre centrados na interpretación.

## **Iniciación á danza contemporánea**

Do 1 de marzo ó 24 de maio / 30 horas / Luns de 16.30 a 19.30 horas / Escola Universitaria de Relacións Laborais, aula 4, campus de Ferrol / 40 euros comunidade universitaria, 50 euros xeral / 1 crédito de libre elección.

Profesora: **Cristina Montero**: intérprete profesional e profesora na escola de danza contemporánea de Narón.

O teu corpo en movemento.